

Adaptación cinematográfica, Estados Unidos e Século XXI

Ángel Otero Blanco

RESUMO Os estudos culturais marcan o futuro das investigacións sobre cinema e literatura. As estratexias de análise propias da narratoloxía interdisciplinar deixan paso a outras centradas en aspectos contextuais que prestan atención a intercambios político-culturais e económicos inherentes ao fenómeno da adaptación cinematográfica. Este artigo é unha introducción ao debate intelectual entre textualismo e materialismo cultural aplicados aos estudos de literatura e cinema nos centros de investigación estadounidenses de principios do século XXI.

ABSTRACT The author asserts that the future of research in film and literature lies in the area of cultural studies. Analytic techniques deployed by interdisciplinary narratology are being replaced by others which concentrate on context and on the politico-cultural and economic transactions which are inherent in the process of film adaptations. The article aims to present an introduction to the intellectual debate between textualism and cultural materialism as applied to film and literary studies in US universities at the beginning of the 21st century.

199

1. Tendencias teóricas contemporáneas: a política e a socioloxía da adaptación

Hoxe en día nos Estados Unidos non se pode falar de literatura e cinema sen ter en conta a polémica existente entre departamentos de estudos anglo-norteamericanos, por unha parte, e estudos culturais, por outra. Durante as dúas últimas décadas do século XX, un complexo híbrido académico de teoría social, antropoloxía, comunicación audiovisual e crítica literaria converteuse nunha das especializacións que ofertaban os tradicionais departamentos de inglés. Agora, a principios do século XXI, os *English and American Studies Departments* deixan paso aos chamados *Mass Media, Modern Cultura, an Cultural Studies*. En 1999, sen ir máis lonxe, Rita Felski, catedrática do que aínda era *Department of English* en Virginia University, declarou, parafraseando a

Richard Rorty: “Cultural studies is gradually taking over departments of English” (Felski, 1999, B7). En efecto, Virginia University, Syracuse University, University of Illinois ou New York University, entre outras universidades, aceptaron a conversión absoluta ou parcial de departamentos, modificando substancialmente os antigos planos e programas de estudio¹. As investigacións referidas ás relacións entre o cinema e literatura non permaneceron alleas a este conflito, polo que, en vista da renovacións dos departamentos, a disciplina ampliou o seu ámbito de estudio.

Co cambio de século, os estudos de literatura e cine fixéronse eco dun cambio de dirección tanto a nivel teórico coma práctico. A proliferación de novas aproximacións teóricas aplicables ao estudio comparativo das dúas artes ten moito que ver co recoñecemento ideolóxico e político da realidade multicultural dos Estados Unidos. Os obxectos de estudio perfílanse en función da produción e recepción de textos, máis que dos textos en si mesmos. De feito, a decisión dun estudio cinematográfico ou dun director ou guionista de adaptar un texto literario ao cinema forma parte do proceso de recepción deste texto. As tradicionais exploracións narratolóxicas foron cedendo terreo a camiños de investigación que desenvolven aspectos relacionados coa recepción das películas por parte de espectros sociais moi concretos, como xénero, clase social, profesión, idade, etnia ou orientación sexual². A narratoloxía

¹ O caso máis salientábel é o departamento de inglés en Syracuse University. Os estudos culturais expandiron o obxecto da disciplina ata tal punto que esta se transformou no *English and Textual Studies Department*. O currículo ofertado polo *ETS major* está baseado en tres especialidades: estudos históricos, teóricos, e políticos. Dentro dos primeiros, destaca a “Introducción á Estética da Recepción” (aplicada á cultura estadounidense). Nos estudos teóricos, inclúense cursos como “Teoría do cine”, “Hermenéutica de textos literarios”, “Teorías psicolóxicas de representación: feminismo e psicanálise” ou “Teorías culturais de representación: eurocentrismo e postcolonialismo”. A especialidade centrada nos estudos políticos comprende cursos como “Introducción ós feminismos: políticas, culturas e teorías” ou os denominados “*Studies in Sexualities: Power and Gender*”. Así, ademais de estudos específicos de obras literarias pertencentes ou non ó canon, este novo departamento ofrece a posibilidade de facer investigación interdisciplinar sobre literatura e outras prácticas culturais como o cinema, a televisión, cómics, videoclips, estilos e iconas musicais, o fenómeno *fans*, estéticas alternativas como a *afro*, a *punky* ou a estética *goth*, e globalización e Internet.

² O décimoterceiro congreso do *Department of Romance Languages and Literatures* da *State University of New York* leva por título *Image, Film, Text*. Un dos obxectivos desta convención científica (que se celebrará entre os días 15 e 16 de marzo de 2002) consistirá en demostrar a necesidade de expansión dos estudos de literatura e cinema. Analizarase a relación entre a *palabra* e *imaxe* desde múltiples perspectivas: literatura, socioloxía, antropoloxía, ciencia política, cinema, arte, historia, filosofía e relixión. Nótese, ademais, que o departamento que propón este congreso é o de linguas e literaturas romances, non o de estudos anglo-norteamericanos. Como vemos, a reforma departamental e institucional está empezando a afectar a outras áreas de estudio, sobre todo á que ten que ver cos chamados *Hispanic Studies*. En vista do crecente interese político e social pola

interdisciplinar cede terreo a novas tendencias teóricas centradas en intercambios político-culturais e económicos, non en mecanismos de intercambio textual.

No mundo académico estadounidense de principios do século XXI, o binomio cinema/literatura preséntase dende parámetros alleos a consideracións teóricas dos puntos de diverxencia e converxencia das dúas artes. O estudo do proceso de conversión textual que tradicionalmente caracterizaba ás investigacións de adaptación cinematográficas empeza a retroceder de forma moi significativa. Agora, tal e como está sucedendo con todas as demais especialidades de estudos culturais, os novos estudos de literatura e cinema céntranse no modo en que a cultura popular, os medios de comunicación de masas, e a demanda de mercado constrúen audiencias, modifican subxectividade, alteran os cánones (tanto o cinematográfico coma o literario) e promoven ou non a formación hexemónica de valores culturais e ideolóxicos dominantes (Macho 2001, 205-6). Considerando que o cinema, ademais de arte, é industria, espectáculo e un produto de consumo, as investigacións máis recentes toman en consideración a dimensión sociolóxica, política, histórica e cultural de adaptación.

201

O mundo académico estadounidense recorda nos albores do terceiro milenio as proféticas declaracións e reivindicacións de Dudley Andrew a mediados da década dos oitenta do século pasado: “It is time for adaptation studies to take a sociological turn”. Orixinalmente, as palabras de Andrew foron recibidas con escepticismo entre os expertos na materia. A súa proposta desafiaba o canon, implicaba análises de elementos extranarratolóxicos e extratextuais, e poñía en dúbida a tradicional oposición *High Art*/cultura(s) popular(es)³. A actualidade académica estadounidense, sen embargo, considera que o presente e futuro profesionais da disciplina radican nunha renovación desta. Esta transformación consiste nun avance cara ao específico cinematográfico dende

civilización hispánica (latinoamericana e peninsular) nos Estados Unidos, o cinema (a imaxe en xeral) constitúe un dos principais instrumentos de difusión da cultura hispano-americana. Por esta razón, a demanda de especialistas en literatura española ou latinoamericana e cinema é moi alta.

³ Dudley Andrew, *Concepts in Film Theory*, Oxford UP, 1984. Hoxe en día Andrew é precisamente un dos principais impulsores da reforma dos estudos de literatura e cinema nos Estados Unidos. Debemos ter en conta que Andrew propón este novo enfoque da disciplina dende a Universidade de Yale, universidade de prestixio e un dos principais centros de poder institucional do país. Dudley e tamén Angelo Bertocci, Professor of Critical Studies na Universidade de Iowa. As técnicas, estratexias e métodos de análise propostos dende os seus equipos de investigación está alcanzando unha rápida e ampla difusión no país.

a perspectiva material da ideoloxía da cultura, deixando atrás intereses textuais e narratolóxicos extrapolados dende a literatura e nestes momentos sobradamente estudados (Ray 2000, 40-2, 46):

Film and literature scholars (...) misses an insight that was right before their eyes: if narrative was not specific to any medium, neither was ideology (...) The histories of semiotic, reader-response, and structuralist accounts of the reading process converged in ideological criticism, a theoretical practice that the movies, a thoroughly commercial practice utterly exposed to the whims of the marketplace, have always demanded (...) Most film and literature scholars treated all narratives alike, simply transposing methods developed for the study of “high art” literature (...) They did not see that the cinema’s very different determinations (commercial exposure, collaborative production, and public consumption) made irrelevant the methods of analysis for “serious literature”.

202

Discípulo de Dudley Andrew, Robert B. Ray propón novos terreos de investigación centrados naqueles aspectos culturais, económicos e políticos relevantes para o estudo da relación entre literatura e cinema. Ray considera que a metodoloxía proporcionada pola narratoloxía xa non é suficiente para dar conta do fenómeno da adaptación. As aproximacións (neo)formalistas propias da análise textual quedaron obsoletas no actual contexto multicultural e material dos Estados Unidos⁴. Igualmente, James Naremore (200, 10, 15) inicia unha nova metodoloxía de análise de adaptación, o chamado *modelo cultural*:

What we (film and literature scholars) need is a sociology that takes into account the commercial apparatus, the audience, and the academic culture industry (...) The study of adaptation needs to be joined with the study of recycling, remaking, and every other form of retelling in the age of mechanical reproduction and electronic communication. By this means, adaptation will become part of a general theory of repetition, and adaptation study will become the margins to the center of contemporary media studies.

⁴ Ray afirma que xa non hai lugar para investigacións ao *estilo Bluestone* (similitudes entre ambas partes) ou propias da escola francesa (*auteurist approach*, baseado nas diferencias entre cinema e literatura). Así mesmo, os departamentos estadounidenses a penas prestan atención ao estudo da influencia da Sétima Arte na literatura.

Naremore insiste en que para evitar a extinción ou anquilosamento dos estudos de literatura e cinema nos Estados Unidos da hipermodernidade democrática, tecnolóxica e comercial, os especialistas do campo deben afrontar a necesidade de ampliar o horizonte da disciplina. Segundo os expertos, o impacto textual de prácticas culturais como o cinema ou a literatura é posterior ao fenómeno de canonización ou de recepción. As análises textuais e narratolóxicas foron practicadas sen ter en conta que as adaptacións constitúen, en primeiro lugar, resultados de procesos de intercambio socio-culturais, comerciais e ideolóxicos aínda sen explorar de forma sistemática (Machor, 206). O *xiro copérnico* anunciado por Dudley Andrew nos oitenta empeza a cristalizar nos centros de investigación estadounidenses de principios de século.

2. O futuro dos estudos sobre adaptación nos Estados Unidos do século XXI

Nun atrevido e polémico estudio sobre a situación da disciplina na década dos noventa, Robert B. Ray explica que o *boom* dos estudos comparativos entre cinema e literatura tivo lugar a principios da década dos setenta, cando as expectativas laborais para futuros doutores en humanidades empezaban a escasear⁵. Na actualidade, Ray ratifica o que dixo cinco anos atrás (Ray, 2000, 47). Segundo o investigador da Universidade de Florida, a maioría dos traballos realizados e publicados a partir dos setenta (coa excepción dalgunhas teses de doutoramento) pódense reducir a meras lecturas textuais de escasa base científica (“isolated close readings”):

At the moment when the job market for Ph.D.s fell apart obviously the admission of film study into literature departments was itself motivated by an attempt to maintain declining enrollments in the humanities (...) Restricted in scope, demanding neither sustained research into nor historical study about the two media, the typical adaptation study has things in common with that undergraduate staple, the comparison-contrast paper. It was easy to turn out, it satisfied the requirements, and it could be done over and over again.

⁵ Robert Ray, *The Avant-Garde Finds Andy Hardy*, Cambridge: Harvard UP, 1995, pp. 5-10.

Ray cualifica eses traballos coma os típicos ensaios que un estudante mediocre de licenciatura entregaría para cumprir cun dos requisitos do curso: a elaboración dos coñecidos como *traballos finais*. Entre os anos setenta e finais dos noventa, doutorandos, doutores ou licenciados en paro, profesores asociados ou titulares ambiciosos de universidade optaron por esta liña de investigación porque ampliaba rapidamente os méritos por investigación dos candidatos a un posto de traballo no seo da academia estadounidense. Ray denuncia unha revista de éxito como *Literature/Film Quarterly* por contribuír ao estancamento e desprestixio dos estudos de literatura e cinema:

Significantly (and admirably), that journal has always reserved most of its space or articles by graduate students, junior faculty, and teachers at small, relatively unprestigious colleges and universities—all obviously groups needing to publish (Ray, 47).

Escudados en marcos teóricos narratolóxicos reelaborados ata a saciedade e procedentes dende a crítica e teoría literarias, este grupo de supostos *expertos* abusou da análise textual e do *close reading* co afán de publicar e editar *canto antes*. O resultado do que Ray chama *the job market's pernicious effect* foi a desvalorización e fosilización dos estudos sobre cinema e literatura.

204

Co obxectivo de fortalecer, normalizar e regularizar de xeito definitivo este eido de investigación, especialistas estadounidenses como Andrew Dudley (Yale University e University of Iowa), Robert B. Ray (University of Florida), James Naremore (Indiana University), Michael Anderegg (University of North Dakota), Matthew Bernstein (Emory University), Darlene J. Sadlier (Indiana University), Robert Stam (New York University), e outros propoñen novas metodoloxías que dean conta de fenómenos relacionados co fenómeno de adaptación cinematográfica como práctica socio-cultural e ideolóxica antes que textual. A relación entre as esferas de poder e a adaptación como produto comercial recibido e consumido polo espectador (categoría entendida como colectividade, sobre todo) constitúe hoxe en día o foco de interese do estudio de adaptación cinematográfica.

Cando pensamos en adaptacións automaticamente acoden á nosa mente títulos e nomes como *Mrs. Dalloway* (1988), *Orlando* (1993), *The Age of Innocence* (1993), *The Portrait of a Lady* (1996), *Bram Stoker's Drakula* de Coppola, Jane Austen, Shakespeare, James Ivory, Kenneth Branagh, Dickens,

e un sen fin de nomes asociados normalmente ao canon literario e cinematográfico:

The (...) subject of adaptation has constituted one of the most jejune areas of scholarly writing about the cinema. One of the major reasons is institutional: a great many film programs in the academy are attached to literature departments, where the theme of adaptation is often used as a way of teaching celebrated literature by another means (Naremore, 2000: 1).

Naremore suxire un estudio extratextual destas adaptacións coa finalidade de indagar nas causas materiais e ideolóxicas que lexitiman a adaptación cinematográfica duns textos literarios e non doutros.

Segundo Naremore, a adaptación cinematográfica ten, en certos casos, unha función eminentemente pedagóxica similar á dos *Classics Illustrated Comics* ou á dos resumos de historias que atopamos nas *Cliff* ou *York Notes*. Esta finalidade pedagóxica é a de crear, divulgar e manter a mitoloxía nacional e cultural. Obviamente, a intención ideolóxica e económica que ampara este tipo de adaptación é a que Antonio Gramsci denominou “ideoloxía do nacional-popular”. Mark Twain, William Shakespeare, Charles Dickens e *Moby-Dick* son os casos máis salientábeis do ámbito anglo-norteamericano. Por outra banda, hai que engadir que o estudio de adaptacións clásicas ou baseadas en textos clásicos sométese a análises que distan considerabelmente das tradicionais.

205

Adaptacións clásicas e canónicas como *Jane Eyre* ou *Wuthering Heights*, directores como Luchino Visconti, John Ford, Orson Welles, ou películas baseadas en novelas de Henry James, Jane Austen, Truman Capote, Franz Kafka, ou Shakespeare, por exemplo, son abordadas dende parámetros como a recepción, a ideoloxía e os estudos culturais:

Defining a classic (...) is not a question of a ‘pure’ approach to aesthetics but rather a highly politicised issue (...) Style, intention, financing, stars, context (...), all may be considered as influencing the interpretation of an adaptation (Kaye, 2000: 3)⁶.

⁶ Deborah Cartmell, Y. Q. Hunter, Heidi Kaye, e Imelda Whelehan, *Classics in Film and Fiction*, London: Pluto P, 2000. O equipo de investigación encargado de editar as investigacións que se

O termo *clásico* é historicamente mutábel e inestábel, xa que depende de consideracións comerciais e, incluso, de modalidades estéticas subordinadas a trazos de clase social ou á distinción cultura popular/cultura de elite. Por conseguinte, é necesario redefinir as vellas adaptacións clásicas e empezar a falar das novas.

Necesitamos ampliar o ámbito de estudio ou esfera de acción da adaptación cinematográfica. Ninguén se acorda de *The Set Up* (1949, baseada nun poema narrativo), *Superman e Batman* (1978 e 1989, respectivamente, baseadas en cómics), *His Girl Friday* (1940, baseada nunha obra de teatro), *Mission Impossible* (1996, baseada nunha serie de televisión), *Twelve Monkeys* (1995, baseada no que en inglés se coñece como *art film*). Todo o mundo asocia *The Grapes of Wrath* (1940) á Twentieth-Century Fox, John Ford e John Steinbeck. Sen embargo, case ninguén pensa en *Laura* (Twentieth-Century Fox, Otto Preminger, 1944) como adaptación dunha novela de Vera Casparay, aínda que nos títulos de crédito poidamos ler “*Laura*, by Vera Casparay” (a novela, feminista e marxista, non se volveu publicar dende a súa aparición e non se ten en conta nos programas de docencia). Así mesmo, películas como *The Joy Luck Club* (Wayne Wang, 1993), *Interview with the Vampire* (Neil Jordan, 1994), *Waiting to Exhale* (Forest Whitaker, 1995), *Beloved* (Jonathan Demme, 1998), *The Cider House Rules*, *The Ice Storm*, *L.A. Confidential*, *The Horse Whisperer* ou *Snow Falling on Cedars* non se investigan en termos de adaptación. Por último, faltan estudos sobre os chamados *remakes*, as secuelas (segundas, terceiras e enésimas partes de adaptacións como *Jurassic Park*), e o fenómeno da novelización de películas (*Hook*, *The Piano*, ou a saga de *Star Wars*).

Cabe preguntarse tamén por qué certas obras literarias canónicas interesaron a Hollywood en períodos específicos. Así mesmo, necesitamos investigacións sobre a relación histórica entre o cinema e as editoriais literarias. A penas hai traballos sobre as relacións entre o cinema e John Grisham, Le Carré, Stephen King, Michael Crichton, Howard Stern, James Ellroy, Anne Rice, Amy Tan, Terry McMillan, Patricia Highsmith, Joseph Heller, Kurt Vonnegut, Leo Tolstoy, ou Edith Wharton. Finalmente, non existe investigación sistemática sobre as condicións de mercado que regulan o desexo da fide-

inclúen no citado volume pertence aos *Departments of English and Media Studies* de De Montfort University (Leicester, Reino Unido). Tamén en Gran Bretaña as investigacións sobre adaptación cinematográfica deixaron de centrarse exclusivamente en cuestións textuais. Todos os estudos incluídos nese volume relegan os aspectos narratolóxicos dos textos a un segundo plano.

lidade ao texto orixinal, a importancia do cómic, o lugar que ocupan os reproductores de vídeo ou DVD nos estudos de cinema e literatura, as adaptacións realizadas directamente para televisión, ou a especialización de directores como James Ivory nun determinado tipo de adaptación⁷.

Nos Estados Unidos do multiculturalismo e da revolución tecnolóxica e audiovisual obsérvanse unhas contantes no estudio de adaptación que fan pensar que no futuro a disciplina non só se vai encargar de analizar casos como o de *The Lord of the Rings*. Se facemos un rápido percorrido polos programas de materias e cursos ofertados por determinadas universidades do país, vemos que no eido da adaptación cinematográfica se teñen en conta aspectos que están atraendo a unha cantidade considerábel de estudantes e especialistas convencidos do impacto social e cultural de certos tipos de adaptación⁸.

Máis interesados nos mecanismos de produción das películas que nos logros artísticos ou estéticos destas, os expertos analizan adaptacións cinematográficas que teñen en común cuestións como o Holocausto, a comunidade homosexual, distintos niveis de significación do gótico como elemento característico de determinadas modas e comportamentos sociais (tribos urbanas), cinemas nacionais (cinema do leste europeo, asiático, francés, español, italiano, británico, latino-americano, africano, oriental), xéneros cinematográficos (destacan o fantástico e a ciencia-ficción), e o cinema racial. Resulta obvio que os estudos culturais tamén contribuíron á expansión dos estudos de adaptación cinematográfica nos Estados Unidos do século XXI, abrindo as portas cara a terreos de investigación que paga a pena explorar e que están aínda na fase inicial de desenvolvemento.

O éxito ou fracaso das adaptacións cinematográficas mídense na actualidade en termos de cantidade, non só de calidade. Nos Estados Unidos, os especialistas da disciplina observaron que ou ben se renovaban ou ben desaparecían do mundo universitario. Déronse conta de que queda aínda moito por investigar, polo que non dubidaron en seguir a estela dos estudos culturais

⁷ Empézanse a publicar resultados de estudos que apostaron a finais dos noventa por estas liñas de investigación. Para unha revisión da (pouca) bibliografía ao respecto, consúltese o apartado final deste traballo.

⁸ As universidades consultadas foron Brown, Harvard, New York University (Brooklyn College Department of Film), Princeton, University of California at Berkeley, University of California at Los Angeles, e Yale.

para conseguir o apoio da sociedade e das esferas de poder. Tras anos de divulgación teórica (pero de escasa posta en práctica), categorías de estudio como a ideoloxía, o espectador (individual e colectivo), os mecanismos de produción económica, a recepción crítica, a película como produto de consumo ou a periferia literaria e cinematográfica fronte ao poder do canon, substitúen ou conviven coas tradicionais metodoloxías procedentes da narratoloxía⁹. Así mesmo, os novos estudos de adaptación cinematográfica teñen en conta outros elementos de índole contextual procedentes dos estudos culturais, como o xénero e a sexualidade, os conceptos de nación, relixión e patriotismo, (post)colonialismo, raza e etnia, ou a política da identidade e da alteridade. En suma, a dimensión política do estético-artístico e a relación entre texto e institucións ocupan un lugar preferente nas investigacións máis recentes e vindeiras sobre literatura e cinema nos Estados Unidos.

Ángel Otero Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía consultada e citada

Erskine, Thomas L., and James M. Welsh (eds.), *Video Adaptations of Plays on Video*, Westport (Connecticut): Greenwood P, 2000.

Felski, Rita, "Those Who Disdain Cultural Studies Don't Know What They're Talking About", *The Chronicle of Higher Education*, July 23, 1999.

Kaye, Heidi, and Imelda Whelehan, "Classics Across the Film/Literature Divide", en Deborah Cartmell (ed.), *Classics in Film and Fiction*, London and Sterling (Virginia): Pluto P, 2000.

Machor, James L., and Philip Goldstein, *Reception Study: From Literary Theory to Cultural Studies*, New York and London: Routledge, 2001.

⁹ Especialistas de orixe europea, sobre todo, non coinciden coas tendencias estritamente puristas da nova academia estadounidense. Jakob Lothe, por exemplo, entende que queda moito por facer no eido da adaptación dende o punto de vista textual e narratolóxico. Segundo Lothe, a aceptación popular e crítica é tamén consecuencia do impacto estético e da calidade artística das películas. En *Narrative in Fiction and Film: An Introduction* (Oxford e New York: Oxford UP, 2000), Lothe ofrece un novo marco teórico que pretende reconciliar as dúas tendencias teóricas, a textualista, por un lado, e a material-cultural, por outro.

Lothe, Jakob, *Narrative in Fiction and Film: An Introduction*, Oxford e New York: Oxford UP, 2000.

Lupack, Barbara Tępa (ed.), *Take Two: Adapting the Contemporary American Novel to Film*, Bowling Green (Ohio): Bowling Green State University Popular P, 1994.

Lupack, Barbara Tępa (ed.), *Vision/Re-Vision: Adapting Contemporary American Fiction by Women to Film*, Bowling Green (Ohio): Bowling Green State University Popular P, 1996.

——— *Nineteenth-Century Women at the Movies: Adapting Classic Women's Fiction to Film*, Bowling Green (Ohio): Bowling Green State University Popular P, 1999.

Naremore, James, "Film and the Reign of Adaptation", en James Naremore (ed.), *Film Adaptation*, New Jersey: Rutgers, 2000.

Ray, Robert B., "The Field of 'Literature and Film'", en James Naremore (ed.), *Film Adaptation*, New Jersey: Rutgers, 2000.

Whelehan, Imelda, "Adaptations: The Contemporary Dilemmas", en Deborah Cartmell (ed.), *Adaptations: From Text to Screen, Screen to Text*, New York and London: Routledge, 1999.